

Alumnado con sobredotación intelectual

EDITA

Xunta de Galicia
Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

ILUSTRACIÓNS

David Cháns

D.L.

C-2861/2003

ISBN

84-6891260-3

ÍNDICE

SOBREDOTACIÓN

Que quere dicir que unha
persoa é superdotada? 7

INDICADORES

Como se pode saber se
unha persoa ten sobredotación? 11

IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN

Quen a fai e como
se leva a cabo? 16

RESPOSTA EDUCATIVA

Que podemos facer nos
centros educativos? 20

PAPEL DAS FAMILIAS

Que podemos facer os pais
e as nais? 24

BUSCANDO AXUDA

Por onde empezo? 26

PARA SABER MÁIS

29



SOBREDOTACIÓN

Que quere dicir que unha
persoa é superdotada?

“Esa persoa é un xenio”. “Foi unha nena precoz”. “Que talento ten!”. “Ese pequeno é un prodixio”. “Creo que a súa sobriña é superdotada...”

Expresións como estas son relativamente frecuentes e intuitivamente fan referencia a unha realidade certa: as persoas con altas capacidades non conforman un grupo homoxéneo. Aínda que no seu conxunto teñen en común a excepcionalidade nalgún campo, tamén posúen particularidades que as distinguen. Así, das persoas talentosas afírmase que mostran habilidades excepcionais en áreas moi concretas, polo que se caracterizan pola súa competencia específica; das persoas precoces destacan as aprendizaxes temperás, xa que manifestan unha competencia específica prematura; das que dicimos que son un prodixio, sinalamos que conseguen produtos inimaxinables e destacados para a súa idade; das que dicimos que son superdotadas, pretendemos resaltar a súa alta competencia xeral. Polo tanto, as persoas con sobredotación representan unha pequena porcentaxe do colectivo formado por persoas con altas capacidades e a elas dedicaremos as seguintes páxinas.

Enténdese que unha persoa ten sobredotación cando nela se dan as seguintes características: unha capacidade intelectual moi superior á esperada para a súa idade, unha alta creatividade e un alto grao de motivación e perseveranza.

Cando se fala da **habilidade intelectual** hai que ter en conta que esta non debería ser só considerada como o resultado dunha serie de puntuacións nunha proba. Os expertos na educación de nenos e nenas superdotados insisten en que o mellor prognóstico

da evolución do seu potencial cognitivo descansa na evidencia dun alto rendemento no colexio durante un período de tempo, xunto cos resultados das probas académicas.

No que se refire á **creatividade**, considérase que é a capacidade de producir contidos mentais (ideas, realizacións persoais) novos ou sorprendentes. Resulta da interrelación de moitos factores, entre eles a personalidade, os procesos intelectuais, o contexto e, incluso, a motivación. Os últimos estudos inciden en que a creatividade non é produto dun momento de inspiración, senón que máis ben é froito do esforzo e do traballo.

Por último, a **perseveranza** é un dos trazos inherentes á maioría das definicións de sobredotación, entendida como afán de logro, persistencia e entusiasmo en tarefas específicas. Esta é a característica sobre a que hai menos controversia á hora de identificar unha sobredotación. É común que este alumnado dedique unha gran cantidade de enerxía a resolver un problema concreto ou unha actividade específica sen abandonar, ata conseguir os seus fins cando estes son do seu interese.

Estas tres características relaciónanse entre si e co ambiente socio-cultural no que se desenvolven: tamén teñen un peso específico importante os factores ambientais como a familia e a escola, que son elementos fundamentais para o desenvolvemento das súas capacidades.

Unha definición de consenso sería a que considera as persoas superdotadas como aquelas con capacidade cognitiva superior á da media da poboación da súa mesma idade, así como unha serie de características ou trazos determinados. Deste xeito, admitimos que a persoa intelixente “nace e faise”, así que podemos dicir que a intelixencia ten dous compoñentes: o innato (as distintas aptitudes) e o adquirido (adquisición de coñecementos e adestramento).



Respecto á incidencia da sobredotación, nos diversos estudos aparecen discrepancias sobre o volume desta poboación, aínda que a maior parte deles coinciden en situala no intervalo que vai do 1% ao 3% da poboación escolar.

Estas diferenzas débense fundamentalmente a problemas na súa identificación, unida a unha certa controversia terminolóxica. Parece que consideracións sociais de xénero, de clase social e incluso de etnia inflúen no encubrimento de parte desta poboación, o que nos fai considerar a necesidade de afinar os métodos de identificación nos colectivos sinalados.

INDICADORES

Como se pode saber se unha persoa ten sobredotación?

Aínda que cada neno e cada nena sobredotados son diferentes, moitos comparten certas características. É importante este particular, porque os estudos demostran que, cando o profesorado e as familias **empregan os mesmos indicadores** para a súa identificación, esta é moito máis exitosa.

A continuación ímonos referir aos indicadores máis comúns, pero, como é lóxico, non podemos esperar que ningún neno ou nena os vaia posuír todos, do mesmo xeito que aquí non se esgotan todas as características que os fan peculiares. Téñase en conta que as persoas superdotadas supoñen un conxunto de poboación tan diverso coma calquera outro grupo humano. Non conforman un grupo homoxéneo, polo que hai que ter coidado no manexo dos tópicos sobre elas.

Imos referir estes indicadores ás características que antes contemplamos cando tratábamos de definir a sobredotación: as que fan referencia ás capacidades intelectuais, as referidas á creatividade e as que fan referencia á motivación.

INDICADORES DA CAPACIDADE INTELLECTUAL XERAL

- Adquiren aprendizaxes temperás e sen axuda.
- Teñen unha gran facilidade para adquirir novas aprendizaxes.
- Son rápidos na comprensión de información e conceptos novos.

- Establecen facilmente conexións entre conceptos diferentes.
- Posúen un elevado nivel de indagación.
- Elaboran conceptos verbais con facilidade.
- Utilizan con axilidade novos coñecementos na resolución de problemas teóricos e prácticos.
- Formulan principios e establecen xeneralizacións por transferencia de aprendizaxes.
- Destacan na habilidade para argumentar, preguntar e razoar.
- Denotan unha enorme curiosidade intelectual.
- Manifestan interese e gran preocupación polos problemas do mundo.
- Con frecuencia manifestan capacidade de liderado e unha alta sensibilidade social.

INDICADORES DA CAPACIDADE INTELLECTUAL ESPECÍFICA

- Logros importantes en determinadas áreas.
- Vocabulario amplo e rico, cunha excelente capacidade para utilizalo con propiedade.
- Gusto pola lectura.
- Memoria, retención fácil e evocación rápida e precisa.
- Profundidade no coñecemento de temas do seu interese.
- Manifestacións do talento matemático: gusto polos números; rapidez na comprensión e solución de problemas;



solucións simples, directas, abreviadas, elegantes; precisión e axilidade no razoamento matemático; uso de criterios sofisticados para clasificar, seriar e agrupar.

- Manifestacións específicas de talento musical.
- Rendemento excepcional nalgunha rama deportiva.

INDICADORES DA CAPACIDADE CREATIVA

- Orixinalidade.
- Imaxinación e fantasía na utilización de recursos.
- Invención e construción de aparatos con materiais sinxelos.
- Creación de ideas e procesos novos.
- Solución creativa a problemas mediante a utilización de recursos e materiais comúns.
- Composición e adaptación de xogos, de música, etc.
- Especial sentido do humor, ás veces desconcertante.
- Tendencia natural a explorar ideas, con formulacións pouco correntes.
- Independencia de pensamento.
- Capacidade de iniciativa.
- Facilitade para aplicar coñecementos dunha materia ou situación a outra.
- Manifestación de opinións contrarias ás habituais.

INDICADORES DA CAPACIDADE DE AUTOMOTIVACIÓN E PERSEVERANZA

- Capacidade de aprendizaxe autodirixida.
- Concentración nas tarefas, perseveranza e motivación en relación a áreas do seu interese.
- Escasa fatiga, sempre que a tarefa non sexa repetitiva ou rutineira.
- Tendencia a traballar de xeito independente. Aínda que a súa autonomía os leva a ser creativos, hai que estimulalos para que aprendan a traballar en equipo e compartan os seus coñecementos.
- Motívanse especialmente cando as tarefas son complicadas e diferentes.
- Proban cousas novas, gustan dos cambios e aceptan os desafíos que supoñen as novidades.
- Teñen grandes expectativas tanto con respecto a si mesmos como con respecto aos demais, o que fai que teñan metas elevadas. A parte negativa é que poden sentirse apremados e ansiosos debido ás esixencias do contorno (familiares, escolares, sociais).

IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN

Quen a fai e como se leva a cabo?

A idea de que un neno ou nena, simplemente por ser sobredotado, vai ter mellores logros cós demais de maneira espontánea e non precisa de atención é errónea. Cando non se identifica e non se lle proporciona unha resposta educativa axeitada, é fácil que traballe sen motivación, é posible que renda por debaixo das súas posibilidades e doadamente poden xurdir problemas de integración e de conflictividade.

O factor clave para a identificación é que se usen **todas as fontes de información** dispoñibles, conscientes de que todas elas teñen os seus puntos fortes e os seu puntos débiles, pero sen esquecer que o que realmente interesa non é a identificación da sobredotación en si mesma, senón a identificación (e a valoración) das necesidades educativas do alumnado. Polo tanto, a identificación individual debe levarse a cabo en función de que a resposta educativa estea sendo axeitada ou non e debe realizarse unicamente cando existen indicios suficientes dunha posible sobredotación.

Así, haberá que partir da avaliación da competencia curricular para, con posterioridade, pasar a valorar capacidades intelectuais, aptitudes específicas, intereses, creatividade, motivación, perseveranza nas tarefas, adaptación socioemocional ou calquera outro dato que poida resultar de interese.

Hai que ter coidado no uso dun cociente intelectual numérico, non só polas discrepancias que existen na comunidade científica arredor del, senón porque, aínda que houberse consenso neste aspecto, o uso dun referente numérico establecería un linde artificial que separaría unha persoa sobredotada doutra que non o é.

No ámbito educativo, na identificación teñen un papel fundamental o profesorado, as familias e os compañeiros, xunto coa acción especializada dos profesionais da orientación.

A variedade de instrumentos utilizados é amplísima. Aquí simplemente faremos unha descrición xenérica deles.

PROBAS ESTANDARIZADAS

Este tipo de probas precisan da aplicación e valoración por parte dun **profesional especializado**. Son importantes para contrastar a valoración realizada pola familia, polo profesorado e polos compañeiros. Habitualmente os departamentos de orientación e os especialistas dos equipos de orientación específicos empregan, entre outros, recursos psicométricos de tres tipos: tests de intelixencia, de creatividade e de aptitudes específicas.

PROBAS INFORMAIS DE IDENTIFICACIÓN

A información proporcionada polo profesorado e polas familias apóia-se normalmente en **escalas de observación** e, para obter información dos compañeiros e compañeiras, normalmente recórrese ás **nominações**. Este último colectivo é importante porque ofrece unha información distinta e complementaria á achegada polos adultos. As investigacións apoian a idea de que os compañeiros e compañeiras adoitan ser bos elementos detectores de sobredotación entre iguais.

Con respecto ás informacións achegadas polos pais e nais, deben ser tomadas con certa precaución, dado que poden manifestar unha alta subxectividade. A realidade dinos que estes casos son pouco frecuentes, e que, en xeral, as familias agradecen a oportunidade de expresar as súas opinións. As vantaxes de contar coa súa visión superan con moito os perigos de non tela en conta. Destaca sobre



todo a información que achegan sobre:

- O desenvolvemento evolutivo do seu fillo ou filla e o seu ritmo de crecemento.
- A adquisición das primeiras aprendizaxes.
- O desenvolvemento da linguaxe.
- As relacións cos restantes elementos da familia e coas persoas do contorno.
- As situacións e as actividades que prefiren e polas que manifestan máis interese.

Por último, a información achegada polo profesorado adoita ser a máis rica en contido e matices e, polo tanto, constitúe unha información especialmente relevante. A pesar diso, os docentes poden sentirse inseguros nestas circunstancias, porque tenden a considerar que o uso de escalas pode levar a caer en tópicos e estereotipos. Xa que logo, precisan do apoio máis especializado que lles pode proporcionar o departamento de orientación ou o equipo de orientación específico, sobre todo para a súa interpretación. Existen múltiples escalas de observación. As máis útiles son as que recollen listas específicas que detallan áreas curriculares determinadas.

RESPOSTA EDUCATIVA

Que podemos facer nos centros educativos?

Axustar a resposta educativa para este alumnado supón ter claro cales son as necesidades educativas que presenta. Pódese afirmar que, en xeral:

- Precisa dunha ensinanza adaptada, cun enfoque multidisciplinar nun contexto educativo enriquecido e dinámico, estimulante para o seu desenvolvemento.
- Require do acceso a recursos e materiais adicionais, que deben ser planificados especificamente.
- Cómprelle flexibilidade no seu horario e nas súas actividades, polo que é conveniente que, cando sexa posible, deixemos que continúe co traballo ata que estea seguro e satisfeito coa tarefa realizada.
- Precisa participar moi activamente no proceso de ensinanza e aprendizaxe e ter a oportunidade de poder poñer en práctica as súas habilidades.
- Élle imprescindible un contorno no que se valoren as ideas creativas e orixinais, máis cá repetición dos contidos.
- Cómprelle un clima social no que se sinta aceptado, e precisa de orientación no manexo das relacións interpersoais e sociais.

En consecuencia, a sobredotación precisa, por un lado, unha resposta diferenciada e diversificada, con estratexias de ensinanza e aprendizaxe consontes cos recursos intelectuais que manexan as persoas que a manifestan. Pero por outro lado, tamén precisa

que esa resposta diferenciada sexa consecuencia dun continuo de medidas graduais que teñen o seu inicio nas medidas de atención á diversidade recollidas nos documentos institucionais do centro. As estratexias empregadas con maior frecuencia son as seguintes:

MEDIDAS DE ENRIQUECEMENTO

Estas medidas baséase na individualización da ensinanza e consisten en deseñar programas axustados ás características de cada alumno ou alumna, ao tempo que estes se manteñen co seu grupo clase. Teñen a vantaxe evidente de non producir consecuencias negativas na súa socialización.

En ocasións, o enriquecemento tense entendido como a elaboración de programas paralelos aos ordinarios, que se aplicaban de xeito simultáneo a eles e que non tiñan conexión coas actividades que realizaba o resto da clase. A día de hoxe recoméndase optar por axustes no programa ordinario, é dicir, por adaptacións do currículo que se acomoden ás súas necesidades concretas de aprendizaxe e desenvolvemento e que serán tanto máis significativas canto maiores sexan esas necesidades educativas.

Como todas as medidas de adaptación curricular, deben ser establecidas como un contínuum que vai desde as medidas máis xerais nos documentos do centro, pasando polas adaptacións da aula (na metodoloxía, nos materiais, nos agrupamentos, etc.) ata chegar á adaptación curricular individualizada, que está suxeita a unha regulación específica establecida na nosa normativa.

Na elaboración das adaptacións curriculares individuais de alumnao con sobredotación, o máis frecuente é o uso de dous tipos de estratexias:

- As adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical: consisten en aumentar a cantidade de contidos por aprender nunha ou varias áreas.
- A ampliación curricular de enriquecemento horizontal: o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

TRABALLO POR PROXECTOS

A proposta dun enfoque metodolóxico por proxectos facilitará a permanencia no programa do grupo, a interdisciplinidade tan efectiva neste tipo de alumnado e a posibilidade dun avance persoal acorde coas propias capacidades.

AGRUPAMENTOS

Baixo esta epígrafe englobanse unha grande cantidade de medidas cun denominador común: a formación de grupos de alumnado con sobredotación, nalgún momento do horario escolar, para tratar de atender mellor o desenvolvemento das súas capacidades.

Ben que en casos moi excepcionais se poden propiciar agrupamentos que estimulen e potencien as capacidades do alumnado, débese ter unha gran prudencia ante esta medida. Convén ter presente que os aspectos afectivos e de socialización no seu grupo son fundamentais para a formación integral do alumnado e non respectalos podería provocar desintegración no grupo.

MEDIDAS DE ACELERACIÓN

Supoñen unha flexibilización do período de escolarización. Esta medida excepcional baséase fundamentalmente na competencia curricular e poderase adoptar cando se considere que os obxectivos acadados pola alumna ou alumno superan os establecidos, pero tendo en conta tamén se é unha medida axeitada con respecto ás restantes facetas do seu desenvolvemento persoal.

É unha medida que aparece recollida na lexislación galega con dúas posibilidades:

- Por un lado, anticipar o inicio das etapas educativas.
- Por outro, reducir a duración da escolaridade obrigatoria.

Esta resposta educativa só é aconsellable se, tras a aplicación doutras medidas de atención menos excepcionais, o alumno ou alumna conta coa axeitada madurez emocional e social, xa que do contrario pode aumentar a disonancia entre estes dous aspectos.

As medidas de aceleración deben ir acompañadas doutras de atención á diversidade para que non se traduzan nun mero adiamento de curso. Precisa obrigatoriamente dunha avaliación psicopedagóxica realizada polos correspondentes especialistas para que se materialice a flexibilización, xunto co correspondente ditame de escolarización.

PAPEL DAS FAMILIAS

Que podemos facer os pais e as nais?

Fundamentalmente apoiar o desenvolvemento das capacidades do noso fillo ou filla:

- Sen transmitirle presión ou un excesivo nivel de esixencia, e sen expectativas previas sobre as súas consecucións.
- Favorecendo a súa crianza nun ambiente variado en estímulos, consonte coa súa capacidade e cos intereses que amosa. Nese ambiente inclúense tamén eles mesmos, xa que as súas actitudes e os seus intereses (pola lectura, polas actividades artísticas ou deportivas, etc.) son tamén un estímulo e un referente para os fillos e fillas.
- Propiciando un ambiente estimular rico, o que non supón descoidar outros aspectos do desenvolvemento persoal e social: hai que evitar o seu illamento, fomentando as relacións e as actividades lúdicas cos iguais.
- Vixiando as actitudes prepotentes ou de superioridade que manifieste cara a outras persoas como consecuencia de comparacións indebidas referidas ás súas capacidades. Debe aprender a aceptar e valorar os demais do mesmo xeito que os demais deben aceptalo a el sen considerar que os seus niveis de logro o converten nun ser estraño.
- Mitigando o seu excesivo perfeccionismo e a autocrítica. Está ben ter espírito de superación, pero na súa xusta medida.

- Reaccionando con mesura ante as súas demandas. É posible que con frecuencia faga preguntas complicadas ou excesivamente profundas para a súa idade. Cómpre respondelas con sinxeleza, sen mostrar sorpresa excesiva e sen darlle máis importancia.

BUSCANDO AXUDA

Por onde empezou?

O inicio do procedemento de identificación prodúcese no momento en que, desde o contorno familiar ou desde o escolar, se manifestan indicios de que un neno ou nena ten unha capacidade por riba do que cabe esperar para a súa idade.

Ante este feito, convén recordar que un contorno que lles proporcione aos nenos e nenas estímulos máis ricos do habitual pode redundar nun desenvolvemento precoz de capacidades, pero non implica, necesariamente, sobredotación intelectual.

Nos centros educativos é o profesorado titor quen solicita ao departamento de orientación do centro que valore a pertinencia dunha avaliación psicopedagóxica individual do alumno ou alumna. Iníciase así o proceso de recollida de información cara a unha valoración e resposta educativa.

En todos os casos, o **primeiro referente** para os pais e nais con fillos escolarizados é o **centro educativo**. Ao mesmo tempo, os centros educativos tamén poden contar coa colaboración dos equipos de orientación específicos, que teñen persoal especializado en cada provincia para axudar na atención deste alumnado:

<http://centros.edu.xunta.es/contidos/eoe>

EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO DA CORUÑA

R/ Pepín Rivero, s/n
15011 A Coruña
Tfno.: 981 251 403 – 981 251 466
eo.e.coruna@edu.xunta.es

EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO DE LUGO

R/ Dr. Yáñez Rebolo, 31
27004 Lugo
Tfno.: 982 228 488
eo.e.lugo@edu.xunta.es

EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO DE OURENSE

Rúa da Universidade, s/n
32005 Ourense
Tfno.: 988 231 991
eo.e.ourense@edu.xunta.es

EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO DE PONTEVEDRA

Avenida Fernández Ladreda, 48 – 8º
36003 Pontevedra
Tfno.: 986 805 655 – 986 805 972
eo.e.pontevedra@edu.xunta.es



PARA SABER MÁIS

REFERENCIAS LEXISLATIVAS

Orde do 6 de outubro de 1995 (DOG do 7 de novembro) pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (agás o seu artigo 10.1).

Decreto 320/1996, do 26 de xullo (DOG do 6 de agosto), de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.

Orde do 28 de outubro de 1996 (DOG do 28 de novembro) pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.



- Orde do 31 de outubro de 1996 (DOG DO 19 de decembro) pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril (DOG do 27 de abril), polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31 de xullo) pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Orde do 27 de decembro de 2002 (DOG do 30 de xaneiro de 2003) pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio).
- Decreto 130/2007, do 28 de xuño (DOG do 9 de xullo de 2007), polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria.
- Decreto 133/2007, do 5 de xullo (DOG do 13 de xullo de 2007), polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria en Galicia.
- Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ACERECEDA, A. (2000). *Niños sobredotados*. Madrid: Pirámide.
- ÁLVAREZ GONZÁLEZ, B. (2001). *Alumnos de altas capacidades. Identificación e intervención educativa*. Madrid: Bruño.
- CASTELLÓ, A. (2001). *Inteligencias. Una integración multidisciplinar*. Barcelona: Masson.
- NODA RODRIGUEZ, M. (2002). *Alumnos altamente capacitados: los marginados del sistema educativo*. Tenerife: Universidad de la Laguna.
- PÉREZ L. e outros (2000). *Educación de hijos inteligentes. Superdotación, familia y escuela*. Madrid: Ed. CCS.
- PÉREZ, L. e outros (1998). *El desarrollo de los más capaces. Guía para educadores*. Madrid: Centro de Publicaciones del MEC.
- PRIETO, M.D. e outros (1997). *La identificación, evaluación y atención a la diversidad del superdotado*. Málaga: Aljibe.
- PRIETO, M.D. e HERVÁS, R. M. (2000): *Estrategias de identificación y asesoramiento de los alumnos superdotados*. Murcia: Diego Martín Editor.
- REYZÁBAL, M.V. (coord.) (2002). *Respuesta educativa al alumnado con sobredotación intelectual*. Madrid: Dirección General de Promoción Educativa.
- STEMBERG, A. (1998). *Estilos de pensamiento*. Barcelona: Paidós.
- VERHAARTEN, R. (1991). *Educación de los alumnos superdotados. Una introducción a sus características, necesidades educativas y a las adaptaciones curriculares que precisan*. Madrid: MEC.

